

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA SÚMASE Á CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA DIABETE CO LEMA "EDUCAR PARA PROTEXER O FUTURO"

- Profesionais do servizo de endocrinoloxía realizaron controis de glucemia e ofreceron información aos doentes e visitantes no Clínico esta mañá

**Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022.-** A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, súmase, como todos os anos, á celebración do Día Mundial da Diabete hoxe, 14 de novembro. Trátase da campaña de concienciación mundial máis importante sobre esta patoloxía, impulsada pola Federación Internacional de Diabete (IDF) e a Organización Mundial da Saúde (OMS) desde 1991. Esta xornada está dedicada a dar visibilidade e mellorar o coñecemento que existe sobre esta enfermidade, que ten unha prevalenza moi elevada e presenza en todos os países do mundo.

No marco desta celebración, estableceuse hoxe, luns 14 de novembro, un punto informativo na entrada do Hospital Clínico atendido por persoal médico e de enfermería de Endocrinoloxía e Nutrición onde se ofrece información sobre prevención e control de diabetes, hábitos de vida saudable e cálculo do risco individual de padecer diabetes, que estará accesible para pacientes ambulatorios, familiares e tamén para persoal hospitalario. Algunha asociación de pacientes, coas que o servizo mantén un contacto estreito, como ANEDIA tamén estivo presente na xornada. Por último, co obxectivo de achegar a información tamén aos pacientes ingresados con diabete, achégase un tríptico na bandexa da comida con información sobre como asegurar un bo control da súa patoloxía e evitar complicacións.

Máis de 1 cento de persoas achegáronse a esta mesa para pedir información ou facerse unha proba de glucemia. A xerente da área compostelá, Eloína Núñez, tamén visitou o posto informativo para saudar aos profesionais que o atenden.

Este ano o lema é "*Educación para protexer o futuro*". Segundo o xefe do servizo de endocrinoloxía e nutrición compostelá, Miguel Ángel Martínez Olmos, "a formación e a educación diabetolóxica son consideradas ferramentas clave para que as persoas que conviven con diabete poidan evitar e/ou reducir complicacións futuras, e gozar dunha boa calidade de vida. E é que, a educación en diabete é un dos piares do tratamento desta patoloxía e, polo tanto, é un dereito que debe garantirse aos pacientes, a través dun sistema sanitario centrado na cronicidade e de profesionais sanitarios formados especificamente en diabete".

Por iso neste 14 de novembro de 2022, a IDF pide que se mellore o acceso á educación en diabete para mellorar a vida dos máis de 500 millóns de persoas que viven con ela en todo o mundo. A IDF tamén quixo comprobar o nivel xeral de coñecemento que existe sobre a diabete, e creou dúas enquisas mundiais para «explorar o nivel de acceso á educación en diabete», unha para profesionais da saúde e outra para pacientes. "Esta é unha boa

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

iniciativa para comprobar canto se coñece sobre a enfermidade que pode poñer de manifesto as diferenzas entre países e mesmo profesionais médicos”, indica Martínez Olmos.

“Desde o Servizo de Endocrinoloxía e Nutrición de Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, queremos apoiar a iniciativa do día mundial da diabeite e concienciar a profesionais, pacientes e, principalmente, ás administracións da necesidade de mellorar os nosos recursos e capacidade para realizar educación diabetolóxica, en todos os ámbitos (hospitalización e consulta ambulatoria) e en todos os niveis asistenciais (atención especializada e primaria)” destaca Miguel Ángel Martíñez-Olmos.

### **Saúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe**